CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.	• TO.3	S	10

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.	• LC.1	S	10
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en xestión administrativa.	• PE.4	S	10
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.	• PE.5	S	10
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.	• PE.6	S	10
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.	• PE.7	S	10
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.</p> <p>Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.</p> <p>Equipos no sector administrativo e financeiro segundo as funcións que desempeñen.</p> <p>Dinámicas de grupo.</p> <p>Equipos de traballo eficaces e eficientes.</p> <p>Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.</p> <p>Conflito: características, tipos, causas e etapas.</p> <p>Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.</p> <p>Representación das persoas traballadoras na empresa.</p> <p>Conflitos colectivos.</p> <p>Novos contornos de organización do traballo.</p> <p>Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en xestión administrativa.</p>

Contidos
Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Organos de representacións de traballadores e empresarios	<ul style="list-style-type: none"> Explicación de contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de supostos. Exercicios de autoavaliación. Consulta da normativa legal. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar os organos de representación dos traballadores e empresarios; funcións e elección 	<ul style="list-style-type: none"> Libro, fotocopias, encerado, prensa, internet e canon de vídeo 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 	3,0
Negociación colectiva	<ul style="list-style-type: none"> Explicación de contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de supostos. Análise dun convenio do sector 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar o proceso da negociación dos convenios colectivos 	<ul style="list-style-type: none"> Libro, fotocopias, encerado, prensa, internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 PE.6 PE.7 	3,0
Conflitos colectivos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición e explicacións de contidos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de supostos. Exposicións, resumos. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar os conflitos nos grupos de traballo 	<ul style="list-style-type: none"> Libro, prensa, internet, encerado. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 PE.3 TO.3 	2,0
Técnicas de dinámica de grupos	<ul style="list-style-type: none"> Explicación de contidos e plantexamento de supostos prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de supostos prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> Diferenciación das distintas técnicas de dinámicas de grupo, para mellorar o ambiente laboral e o rendemento no traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro, encerado, internet, fotocopias, supostos prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.2 TO.1 TO.2 	2,0

TOTAL	10,0
--------------	-------------

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A Seguridade Social	15

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer a estrutura da Seguridade Social e como se financia	1	A Seguridade Social e a súa estrutura	3,0
2.1 Identificar a documentación necesaria para levar a cabo as obrigas da empresa, como suxeito responsable	2	Obrigas coa Seguridade Social	4,0
3.1 Identificar as prestacións da Seguridade Social	3	Accion protectora da Seguridade Social	4,0
4.1 Identificar as situacións legais de desemprego e calculo e furacion da prestación por desemprego	4	Proteccion por desemprego	4,0
TOTAL			15

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Valorouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.	• PE.1	S	20
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.	• PE.2	S	20
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.	• PE.3	S	20
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.	• PE.4	S	20
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.	• PE.5	S	20
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
A Seguridade Social como pilar do estado social. Estrutura do sistema de Seguridade Social. Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social. Protección por desemprego. Prestacións contributivas da Seguridade Social.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A Seguridade Social e a súa estrutura	<ul style="list-style-type: none"> Exposición e explicación de contidos, partindo dun caso práctico ou situación real, sempre que sexa posible 	<ul style="list-style-type: none"> Manexo da páxina web da Seguridade Social 	<ul style="list-style-type: none"> Cofecer a estrutura da Seguridade Social e cómo se financia 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, fotocopias, internet, prensa. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 	3,0
Obrigas coa Seguridade Social	<ul style="list-style-type: none"> Guiar a busca de información por internet. Plantexamento de supostos prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> Cumplimentar, partindo dun suposto práctico, os documentos correspondentes as obrigas que ten a empresa e o traballador coa Seguridade Social 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar as obrigas do traballador e do empresario coa Seguridade Social 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, fotocopias, internet, páxina oficial da Seg. Social 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 	4,0
Acción protectora da Seguridade Social	<ul style="list-style-type: none"> Exposición e explicación de contidos, partindo dun caso práctico ou situación real, sempre que sexa posible 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema-resumo das prestacións da Seg. Social 	<ul style="list-style-type: none"> Comprender o alcance da acción protectora da Seg. Social e identificar as principais prestacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, fotocopias, internet, páxina web oficial da Seg. Social 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 	4,0
Protección por desemprego	<ul style="list-style-type: none"> Exposición e explicación de contidos, partindo dun caso práctico ou situación real, sempre que sexa posible 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución e exposición de casos prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> Identificación das situacións legais de desemprego e cálculo da duración e cuantía da prestación por desemprego. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, fotocopias, encerado, internet, páxina web oficial do SEPE 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.5 	4,0
TOTAL						15,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O mercado laboral. Busca de emprego	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar a situación do mercado laboral actual e as posibilidades de traballo en Europa	1	O entorno laboral.	5,0
2.1 Diseñar itinerarios formativos en relación co título que van a obter	2	O sistema da Formación Profesional.	5,0
3.1 Coñecer as fontes de información sobre o mercado laboral	3	A busca de emprego e o autoemprego.	5,0
TOTAL			15

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.	• LC.1	S	10
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.	• OU.1	S	10
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.	• TO.1	S	10
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.	• OU.2	S	10
CA4.5 Diseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.	• PE.1	S	10
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.	• PE.2	S	10
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.	• PE.3	S	10
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.	• TO.2	S	15
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.	• OU.3	S	15
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.</p> <p>Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.</p> <p>Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.</p> <p>Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en xestión administrativa.</p> <p>Definición e análise do sector profesional do título de técnico en xestión administrativa.</p> <p>Proceso de toma de decisións.</p> <p>Proceso de procura de emprego no sector de actividade.</p> <p>Técnicas e instrumentos de procura de emprego.</p>

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O entorno laboral.	<ul style="list-style-type: none"> • Guiar a busca de información por internet 		•	•	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 • OU.2 • TO.1 	5,0
O sistema da Formación Profesional.					<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 • PE.1 • PE.2 	5,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A busca de emprego e o autoemprego.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición e explicación de contidos, partindo dun caso práctico ou situación real, sempre que sexa posible 		•	•	<ul style="list-style-type: none"> OU.3 PE.3 TO.2 	5,0
TOTAL						15,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Prevenção de Riscos Laborais	54

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector administrativo e financeiro.	SI
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI
RA4 - Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en xestión administrativa.	SI

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer a normativa en prevención de riscos laborais	1	Traballo e saúde	20,0
2.1 Valorar a importancia da prevención na empresa	2	Danos derivados do traballo	20,0
	3	Marco legal da prevención	14,0

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
3.1 Coñecer os dereitos e obrigas en materia preventiva			
TOTAL			54

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.	• PE.1	S	4
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.	• PE.2	S	4
CA1.3 Apareciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.	• OU.1	S	3
CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.	• PE.3	S	4
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.	• PE.4	S	4
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector administrativo e financeiro.	• PE.5	S	3
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.	• PE.6	S	4
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos ámbitos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.	• PE.7	S	4
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.	• PE.8	S	4
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.	• PE.9	S	4
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos ámbitos de traballo das persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.	• OU.2	S	4
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.	• LC.1	S	4
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.	• TO.1	S	3

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.	• PE.10	S	4
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.	• PE.11	S	4
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.	• PE.12	S	4
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.	• PE.13	S	3
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.	• PE.14	S	4
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en xestión administrativa.	• OU.3	S	4
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.	• PE.15	S	4
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.	• PE.16	S	4
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.	• PE.17	S	4
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.	• LC.2	S	4
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.	• PE.18	S	4
CA4.5 Identifícaronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.	• PE.19	S	4
CA4.6 Identifícaronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.	• PE.20	S	4
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.

Contidos

Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.

Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.

Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

Riscos específicos no sector administrativo e financeiro en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector administrativo e financeiro.

Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.

Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

Planificación da prevención na empresa.

Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.

Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.

Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Traballo e saúde					<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.4 • PE.6 • PE.10 • PE.11 • PE.16 • PE.17 • TO.1 	20,0
Danos derivados do traballo					<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 • OU.2 • PE.7 • PE.8 	20,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> • PE.9 • PE.19 • PE.20 	
Marco legal da prevención					<ul style="list-style-type: none"> • LC.2 • OU.3 • PE.5 • PE.12 • PE.13 • PE.14 • PE.15 • PE.18 	14,0
TOTAL						54,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Aplicarase do seguinte xeito:

-Traballos (T), que englobarán probas orais, traballos individuais e en grupo, ou tarefas dos alumnos na aula, que se puntuarán na escala de 0 a 10. (Para que un traballo sexa calificado terá que ser debidamente entregado ao profesor na data indicada. A cualificación representará máximo o 30% da nota de cada avaliación.

-Exames (E), que agrupan as probas escritas a realizar na data indicada para exame. Cualificaranse na escala de 0 a 10, e a cualificación representará o 70% da nota de cada avaliación.

EXAMES:

Ademais dos controles de seguimento da avaliación continua, en cada avaliación realizaranse un ou varios exames escritos. O profesorado indicará con antelación as datas, hora e lugar. Procurarase non modificar as datas, e de ter que facelo o profesor avisará na aula cunha antelación non inferior a 48 horas.

Constarán de varias preguntas curtas, cuestións de verdadeiro e falso ou tipo test, preguntas longas a desenvolver e realización supostos prácticos. O número de preguntas poderá variar dun a outro exame.

Os exames serán calificados sobre 10 puntos e cada pregunta terá o valor que se indique na proba, de non indicarse terán todas o mesmo valor.

En todo caso, a cualificación mínima para superar cada proba ou traballo será de 5 puntos.

A superación do módulo require demostrar en todo momento unha conduta adecuada (puntualidade, educación, disciplina, rendemento, respecto...) na aula, no centro educativo, nas actividades complementarias e extraescolares, e con todos os membros da comunidade educativa.

Sistemas de cualificación.

A cualificación dunha avaliación virá dada pola expresión

$CA = \text{Mínimo } 0,70E + \text{Máximo } 0,30T$, onde CA é a cualificación sobre 10 obtida na avaliación;

E é a cualificación sobre 10 obtida no exame ou a media dos exames realizados nunha avaliación ;

T é a puntuación media acadada nunha avaliación polos traballos, asistencia e actitude do alumno.

Chamaremos C1, C2 e C3as cualificacións definitivas das respectivas avaliacións parciais.

A nota da segunda(réxime ordinario) e terceira avaliación parcial (réxime modular) para os alumnos que teñen todo módulo aprobado calcúlase coa media das notas de todas as avaliacións, xa que nos dá a norma que nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida última avaliación parcial. Calcúlase en réxime modular por $CF1 = (C1 + C2 + C3)/3$.(media das notas obtidas durante o 1º, 2º e 3º trimestre.).

Para calcular a nota media compre ter unha nota de 5 en cada Exame ou Traballo.

Para aprobar/superar o módulo terá que ser CF1 de como mínimo 5.

Notas:

Para a superación do módulo compre ter todas as avaliacións superadas, tomándose en consideración, ademais dos exames, os traballos a entregar, as tarefas realizadas na aula, o interese pola materia, a actitude, a participación, a puntualidade e a asistencia á clase en cada unha das avaliacións e na configuración global da cualificación definitiva.

Os alumnos que non teñan todas as avaliacións superadas deberán realizar o exame final para superar o módulo e, aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continúa realizarán o Exame Extraordinario para a cualificación do módulo.

A superación da UF 2 non implicará a superación da UF 1, debendo estar ambas avaliadas positivamente para acadar a avaliación positiva do módulo de FOL, conforme á lexislación vixente.

Non se terán en conta os traballos presentados despois da data ou data límite de entrega fixada polo profesor.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Entre a última avaliación parcial e a avaliación final do módulo deixarase un período destinado á realización de actividades de recuperación ou solución de dúbidas da materia ou módulo pendente. Sobre a materia de cada avaliación, realizarase unha recuperación destinada a que aqueles alumnos e alumnas que non superasen a materia dunha ou varias avaliacións, para que teñan unha segunda oportunidade. Esta proba/s terá lugar na data que indique o profesor, sendo recomendable facela preto da avaliación final, despois do período de recuperación. Os alumnos que non teñan todas as avaliacións superadas deberán realizar o exame final para superar o módulo. Os alumnos que teñan superadas todas as avaliacións parciais, non terán que realizar a proba final, se ben o profesorado pode propoñela para mellorar a cualificación final do módulo. O profesorado recomendará a realización de actividades de reforzo, para confección de forma autónoma, especialmente, polo alumnado que manifeste dificultades para conseguir os obxectivos do módulo. A superación da UF 2 non implicará a superación da UF 1, debendo estar ambas avaliadas positivamente para a superación do módulo de FOL, conforme á lexislación vixente.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Pautas para avaliar aos alumnos con perda do dereito de avaliación continua

Os alumnos que superen a porcentaxe de faltas á clase, legalmente establecida, perderán o dereito á avaliación continua. Isto é, cando supere o 10 % de faltas de asistencia, que no módulo de FOL, equivale a 11 horas.

En tal sentido, o alumno que perdera o dereito á avaliación continua deberá estar pendente dos traballos que obrigatoriamente se requiran polo profesorado, así como a realización dun exame final.

Os instrumentos que se empregarán para avaliar a estes alumnos son:

-Actividades/traballos (ata un máximo do 30%): o alumno deberá coñecer as actividades realizadas nas aulas no desenvolvemento das unidades didácticas do módulo. De non conseguilas a través dos delegados ou compañeiros da aula (co que se favorece a integración no grupo), deberá solicitarlas ao profesor.

-Proba escrita (70% da cualificación): incluírá diversas preguntas teóricas de toda materia, no que se incluírán contidos das 6 unidades didácticas, xunto con casos prácticos a resolver e exercicios de cálculo numérico. A proba denominarase Proba Final Extraordinaria..

Os criterios de avaliación neste caso son:

-Os establecidos para cada unha das unidades didácticas.

-Interese amosado ao longo do curso hacia o módulo, hacia o grupo e preocupación solicitando atención en horas de titoría ou por medio do correo electrónico.

Probos Finais Extraordinarias: (Alumnos coa materia pendente do curso anterior)

Previo ás datas de avaliación sinaladas pola Xefatura de Estudos, realizaranse as probas finais extraordinarias que consistirán no

desenvolvemento de preguntas teóricas longas e curtas, de tipo test, de resposta múltiple, verdadeiro/falso e resolución de casos prácticos, confección de documentos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A Programación, como guía que se vai seguir no proceso de ensino aprendizaxe durante cada curso académico, e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integramente. Sen embargo, como elemento vivo que é, estará sometida a adaptacións en tempo e contidos, que darán lugar a correccións a introducir en futuros cursos, para que cumpra mellor a súa función.

En torno ao 20% do tempo asignado a cada Unidade Didáctica dedicarase a Avaliación, Recuperación, Actividades Extraescolares e Actividades complementarias, para facilitar a superación do módulo.

O profesorado establecerá un procedemento de seguimento da programación baseado na revisión semanal, comprobando si os contidos e as tarefas propostas se están cumprindo segundo a previsión establecida, tendo en conta que en ocasións impartiranse conxuntamente contidos e actividades de dúas ou máis Unidades Didácticas, para facilitar a comprensión dos contidos.

No caso de establecer modificacións, estas deben ser recollidas e posteriormente incorporadas á Memoria de Fin de Curso. Estas modificacións non deben ter a súa orixe só nos criterios do docente senón que este deberá considerar outros elementos á marxe da propia experimentación, facilitando a participación ao alumnado, para que exprese o seu grao de satisfacción co sistema seguido para acadar os obxectivos establecidos.

Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados

Algúns instrumentos para avaliar a práctica docente son:

- Cuestionarios anónimos
- Informes dos traballos en equipo.
- Notas recollidas na realización de tarefas.
- Entrevistas con alumnado e profesorado.
- Debates.
- Resultados do proceso de aprendizaxe nas avaliacións trimestrais e na final.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Deben distinguirse tres momentos clave no proceso de avaliación do alumnado:

1. Avaliación inicial, que se realiza ao comezo do curso e ao inicio de cada unidade didáctica.
2. Avaliación formativa ou continua, a levar a cabo ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe.
3. Avaliación final, realizada ao final do curso; será o resultado da suma das valoracións parciais levadas a cabo durante a avaliación continua.

.- Avaliación Inicial

A avaliación inicial ten como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudos previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

.- Avaliación Formativa

Desenvólvese ao longo de todo o proceso formativo do alumno co obxecto de coñecer a súa evolución, determinar se se están a conseguir os obxectivos marcados, e reorientar e mellorar a actuación na aula. Tanto dende o punto de vista legal como pedagóxico, a avaliación ha de ser continua para así garantir a consecución dos obxectivos.

.- Avaliación Final

Na avaliación dos alumnos e alumnas e na configuración da súa cualificación definitiva terase en conta ademáis dos exames, corrixidos conforme a criterios obxectivos, a participación do alumno/a, a asiduidade e a actitude na clase. De tal maneira que todos estes elementos configuren valores a considerar e non só o exame.

.- Procedementos para a realización da avaliación inicial:

Ao comezo do curso, no momento de cubrir as fichas persoais dos alumnos, realizarase unha valoración de cada un deles, a partir dos datos académicos e da experiencia profesional que facilite ao profesor ou profesora.

A tal fin, ao inicio de curso, o profesor coordinarse con outros profesores do grupo-clase para recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado.

En cada Unidade Didáctica realizarase un suposto práctico ou un cuestionario inicial, ou posta en comon verbal, para saber o nivel de coñecementos previos do alumnado .

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Esta proposta didáctica ten en conta o principio de *¿diseño para todos¿*. Para tal efecto, recolle as medidas necesarias para que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo. Cómpre que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo, adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten de forma significativa á consecución dos resultados de

aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais, tal e como establece o decreto 114/2010.

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, intereses persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas

Tomando en consideración o establecido pola LOE e polo Decreto 114/2010 respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

-Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirlles realizar exercicios, supostos e exames co emprego do ordenador e ferramentas informáticas.

-Agrupamentos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si.

-Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.

-Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.

-Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A LOE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de coñecementos.

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor ou profesora, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas.

Prestarase especial atención á celebración da Constitución, ao Día 1º de Maio,(Día do traballo) , Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algúns destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

-Educación ambiental, relacionada ca unidade formativa de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos¿) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara á favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.

-Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co tema de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitaremos este contido curricular para poñer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, xa non laborais senón tamén domésticos e de tráfico.

-Educación para a Saúde, presente en toda a unidade formativa de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta sana e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc.

-Igualdade de oportunidades / Rexeitamento do Sexismo / Multiculturalidade: a igualdade no acceso ao emprego e durante a súa realización é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc¿Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Á marxe das actividades de ensino-aprendizaxe deseñadas para cada unha das unidades didácticas, cómpre describir outras actividades que se diferenzan de aquelas polos recursos, tempos e espazos necesarias para o seu desenvolvemento: actividades complementarias e extraescolares.

A intención de programar este tipo de actividades no módulo de FOL é completar a formación do alumnado, achegándonos á realidade social, escoitando outras voces á marxe da do profesor, coñecendo de primeira man os recursos cos que contarán como traballadores ou desempregados, etc

A continuación defínense ambos tipos de actividades, enumerando algunhas das que poden ser programadas polo departamento para ser levadas a cabo durante o curso escolar:

Actividades complementarias: realízanse co alumnado en horario lectivo e, formando parte da programación, teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

1. Charla-coloquio e práctica sobre técnicas de primeiros auxilios: actividade complementaria aos temas de saúde laboral. Ten por obxecto que un profesional de enfermería/ membro de Protección Civil, Cruz Vermella ou similar dea unha charla teórica/práctica sobre as distintas técnicas de primeiros auxilios (transporte de accidentados, cómo inmovilizar a unha persoa cunha fractura, cómo actuar ante unha queimadura, actuación ante un conato de afogamento por obstrución dun obxecto). O alumnado participará activamente nas actividades que propoña o experto.

No caso de non ser posible, a actividade sustituirase polo visionado e comentario dun video insertado na páxina web de Cruz Bermella, no que aparecen as indicacións correspondentes fronte a diferentes situación de Primeiros Auxilios

2.- Charla sobre iniciativas emprendedoras, impartida por expertos do IGAPE, como forma de mellora do autoemprego e organizada en colaboración do profesorado do departamento de Administrativo do propio

Ciclo.

2. Colaboración do simulacro de evacuación do CIFP: esta actividade é extensible a toda a comunidade educativa do instituto, coa colaboración da Dirección do centro onde, si se estima oportuno, se solicitará apoio a Protección Civil, Policía Municipal, Bombeiros e Centro de saúde máis próximo.

3. Cine fórum: visionado de películas como ferramenta de aprendizaxe. O alumnado deberá cubrir un cuestionario con varios temas de reflexión unha vez remata a película. Tamén dará lugar ao debate e a posta en común de ideas. É unha actividade adecuada para levar a cabo tras as sesións de avaliación de cada trimestre.

Exemplos de películas que poderíamos proxectar: Lunes al sol, El diablo se viste de Prada, Erin Brokovich ...

Tamén se contempla a posibilidade de solicitar unha charla sobre becas FEUGA, durante o segundo ou terceiro trimestre para alumnado de primeiro e/ou segundo de ciclos de formación profesional.

Actividades extraescolares: son aquelas organizadas polo centro, que deben figurar na programación xeral anual, e que se realizan fóra de horario lectivo e de forma voluntaria.

1.- Visitas a empresas , en colaboración co departamento de Administrativo, doutros departamentos ou do Equipo Directivo, no seu caso.

2.- Visitas a un Viveiro de empresas.

3. Visita aos Xulgados do Social de Vigo: trátase de coñecer as instalacións e asistir aalgún xuízo no que se diriman asuntos relacionados coas unidades do módulo, como poden ser: despedimentos, determinación da relación laboral, accidente de traballo,...

4.- Asistencia a algún Congreso ou Feira de Exposición de interese, para o alumnado do Ciclo e con cargo ao presuposto da Aula de Emprendemento.

Todas estas actividades están supeditadas a dispoñibilidade horario e de organización do Ciclo e do propio centro.

10.Outros apartados

10.1) ENSINO NON PRESENCIAL

ENSINO NON PRESENCIAL:

No caso de que fose necesario interromper as clases presenciais por motivos de forza maior, ou outros, o proceso de ensino-aprendizaxe levarase a cabo utilizando, tanto as plataformas dixitais postas pola administración educativa a disposición do profesorado e alumnado: Aula Virtual ou Cisco Wbex para clases por videoconferencia , como outros medios que se consideren oportunos, tales como correo electrónico, wasap ou similar.

A estes efectos, as alumnas e alumnos comunicarán ao profesorado o correo electrónico que que posará utilizar para ditos procesos.

En calquera caso, considerase aconsellable que os exames se poidan levar a cabo de maneira presencial, tanto para poder facer as aclaracións e indicacións oportunas como garantir a correcta realización dos mesmos.